

## **APALPADOR**

UNHA PIPA E UN BASTÓN  
PELO ROIBO DE COLOR,  
REGALANDO FROITOS  
VEN O APALPADOR.

NON LLE CABE O BARRIGÓN  
NO SEU VELLO PANTALÓN,  
REGALANDO FROITOS  
VEN O APALPADOR.

**NON TEN RENO VOADOR  
NIN COROA DE LATÓN,  
SIMPLEMENTE E UN PASTOR  
MOI BONACHÓN.**

**AS BARRIGAS VAI PALPAR  
PORQUE QUERE COMPROBAR  
QUE CRECEMOS FORTES  
QUE CRECEMOS SANS.**

COMO UN EXPLORADOR  
VENNOS VER TRALO SOLPOR  
REGALANDO FROITOS  
VEN O APALPADOR.

E SE FOMOS COMELLÓNS  
VAI LEVAR UN ALEGRÓN,  
REGALANDO FROITOS  
VEN O APALPADOR.

**NON TEN RENO VOADOR  
NIN COROA DE LATÓN...**

Iván Vale Fraga